

ACTA Nº 2017/10

SESIÓN ORDINARIA

PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 28 de setembro de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

ADELA BECERRA MAYO

ADRIAN VIDAL IGLESIAS

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE

MARTIN COMOJO VICENTE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

ANTONIO CASTRO CASTRO

AUSENCIAS:

PP

ELISA BOUZAS VICENTE

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

SECRETARIA:

PATRICIA SANCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación actas Plenos anteriores
2. Dación de Conta das Resolúcións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Dar conta do Convenio de colaboración entre a Augas de Galicia e o Concello de Rianxo: Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa.

4. Moción: Proposta do Pleno da Corporación sobre a Brecha dixital
5. Moción que presenta o grupo municipal PSOE sobre o asentamento da Vespa Velutina.
6. Moción presentada polo grupo municipal BNG: Pazo de Meirás e á Fundación Francisco Franco
7. Moción presentada polo grupo municipal Rianxo en Común, para a incorporación ao patrimonio público do Pazo de Meiras e das escultura do Mestre Mateo en poder da familia Franco e a salvagarda da memoria Historica
8. Moción presenta polo grupo municipal Rianxo en Común da Posta en funcionamento dun servizo de xestión da enerxía
9. Moción presentada polo grupo municipal Rianxo en Común de Actuación no patio e edificio anexo á Escola no lugar de Outeiro
10. Moción presentada polo grupo municipal Rianxo en Común para a creación dunha mesa conxunta de seguimento de mocións presentadas no plenos polas diferentes formacións
11. Rogos e preguntas

1. APROBACIÓN ACTAS PLENOS ANTERIORES

A) Aprobación Acta nº 6/2017 do Pleno en sesión ordinaria do 29/06/2017

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2017 de 29/06/2017.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/06/2017, Acta 6/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

B) Aprobación Acta nº 7/2017 do Pleno en sesión ordinaria do 27/07/2017

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 7/2017 de 27/07/2017.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/07/2017, Acta 7/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do

secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O Pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

Queda pendentes de aprobación para a próxima sesión as actas: nº 8/2017 do Pleno da sesión extraordinaria do día 21/08/2017 e a acta nº 9/2017 do Pleno da sesión extraordinaria urxente do 13/09/2017 por erro involuntario ao non remitalas ca documentación deste Pleno.

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2017 ata o 31/08/2017, que comprenden os números 618/2017 ao 783/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 12 da Sesión ordinaria do día 10/07/2017
- Acta nº 13 da Sesión ordinaria do día 24/07/2017
- Acta nº 14 da Sesión extraordinaria do día 11/08/2017
- Acta nº 15 da Sesión ordinaria do día 28/08/2017

O pleno da corporación TOMA COÑECEMENTO

3. DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO: MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NA RÍA DE AROUSA.

Dáse conta ó Pleno do seguinte:

Con data 21 de setembro de 2017, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEADER) nun 80% no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O pleno da corporación TOMA COÑECEMENTO. O expediente queda en Secretaría e Urbanismo a disposición dos señores concelleiros.

4. MOCIÓN: PROPOSTA DO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE A BRECHA DIXITAL.

O ALCALDE DEFENDE A MOCIÓN:

Di que foi a indicación do PSOE e que se elaborou no concello e vai ser unha proposta para que haxa un despregamento xeral e cobertura dixital para todo o concello, independentemente da parroquia na que se viva e que teña cobertura de internet e telefonía aceptable para os tempos que corren.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muiños Sánchez, da conta da moción que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Exposición de motivos

Na páxina web de AMTEGA (Axencia pola modernización tecnolóxica de Galicia) podemos ler que o *Plan de Banda Larga 2020, aprobado o día 1 de outubro de 2015 en Consello de Xunta*, **asume os obxectivos establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps.**

E tamén que

grazas ás actuacións de despregamento de redes de telecomunicacións desenvolvidas ata o momento pola Xunta, conseguiu acadar unha Comunidade plenamente conectada, con posibilidade de acceso á banda larga de cando menos 2Mbps, e que a metade da poboación dispoña de cobertura de redes de nova xeración de ata 200Mbps.

É por isto que queremos poñer de manifesto que isto non se está a cumprir en boa parte do territorio deste Concello. Parroquias como a de Asados, Leiro, O Araño, ou Isorna non chegan nos seus núcleos principais ao mega de cobertura. En reiteradas ocasións témonos queixado a Telefónica pola escaseza desta cobertura, unha situación que se agrava a día de hoxe e afonda no burato existente: mentres unha parte da cidadanía chega a máis de cen megas no seus domicilios (o que por outra parte é positivo) outra reclama superar ese cativo mega ou se manifesta a imposibilidade de superalo por razóns técnicas..

Sí que o recente plan de banda longa Xunta-operador R sinala o Polígono empresarial de Rianxo para, como outros da provincia, acadar unha cobertura potente de 100 megas, unha medida evidentemente tamén positiva.

De igual xeito que se reclamou á empresa Telefónica, solicito teñan a ben informar das posibilidades de actuación para promover dunha mellora xeneralizara da cobertura universal en Rianxo, especialmente nas parroquias a uns mínimos que eviten converternos cidadáns de terceira no que á acceso a algo básico como hoxe é internet e os servizos que desde ela se promoven.

Por iso, o Concello de Rianxo no seu conxunto ACORDA

1. Instar a un despregamento real que dea cobertura suficiente no medio rural e nos núcleos, garantindo a igualdade de oportunidades con independencia onde se viva.

2. En concreto aumentar a capacidade da centraliña de telefónica de Rianxo para incorporar novos abonados e servizos de calidade.

3. Dirixir esta petición á Xunta de Galicia e a Telefónica como propietaria da rede.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Di que xa en varias ocasións manifestaron a equiparación de servizos entre o rural e o urbano. O servizo de telefonía e acceso de internet son moi relevantes e definitivos.

O seu grupo apoia a moción, aínda que saben que a moción vai moito máis alá disto. Hai centros sociais sen acceso a wifi e debería ser un obxectivo dotar a todos os centros do concello de acceso a wifi.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Di que neste tempo é importante estar ben conectado e deben procurar que todas as zonas do concello teñan cobertura digna e posibilidade de ter liña telefónica, xa que hai incluso algún negocio que non pode levarse a cabo por falta de cobertura.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoian a moción.

O ALCALDE INTERVÉN:

Di que dentro de 15 días vai vir responsable de telefónica para falar do plan desenvolvemento da banda longa, e aproveitarán para falarlle disto e ver que medidas hai. Tamén se conseguiu nas proximidades do polígono a que unha empresa que tiña necesidade de enganche polo seu traballo internacional, chegar a un acordo con R para extensión do propio polígono. Traballarase niso.

A petición do grupo de Rianxo en Común, o alcalde propón engadir un punto 4º á moción presentada para dotar de acceso wifi aos centros socioculturais do concello.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA por unanimidade o seguinte acordo, coa emenda do punto 4º:

1. Instar a un despregamento real que dea cobertura suficiente no medio rural e nos núcleos, garantindo a igualdade de oportunidades con independencia onde se viva.

2. En concreto aumentar a capacidade da centraliña de telefónica de Rianxo para incorporar novos abonados e servizos de calidade.

3. Dirixir esta petición á Xunta de Galicia e a Telefónica como propietaria da rede.

4º Dotar de wifi aos centros socioculturais deste concello

5. MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL PSOE SOBRE O ASENTAMENTO DA VESPA VELUTINA.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DEFENDE A MOCIÓN:

O problema que supón para a xente cando aparece un niño nas cercanías das casas. Que houbo

charlas de protección civil e parécelle que habería que acercalo ás parroquias.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muiños Sánchez, da a palabra á concelleira do grupo municipal que da conta da moción que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento da vespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasa pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais negativos na fauna e na flora autóctonas.

As condicións climatolóxicas deste ano 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan daniña. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como sucedera en anos anteriores, polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Polas seguintes razóns faise imprescindible redobrar e vehiculizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) A potenciación da investigación faise imprescindible tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

b) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados neste combate, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores fórmulas de combate e control da praga.

c) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata á poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de combatela de aí que a formación específica do persoal que ten que combatela é tan fundamental como necesaria.

d) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un maior número de niños primarios posible co cal axudar no control de individuos.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista de Rianxo, presenta o Pleno a seguinte moción, instando o Goberno galego a:

- 1º) Incluír aos representantes do tecido asociativo apícola na Comisión de seguimento da problemática da velutina.
- 2º) Impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar liñas de investigación.
- 3º) Potenciar os esforzos da loita preventiva na primaveira para a máxima captura de raíñas.
- 4º) Pór en marcha un programa de formación para o persoal implicado no control e erradicación da praga e aproveitar a experiencia que ten os membros de Protección Civil de Rianxo para desenrolar xornadas divulgativas iguais ás ofertadas xa dende a Agrupación a toda a cidadanía de Rianxo. É moi importante que a poboación en xeral teña coñecementos para poder actuar correctamente se se lles presenta un caso destes.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Van apoiar a moción, di que afecta negativamente a sectores pequenos que se adican ao mel. Parécelles ben impliar aos axentes.

Di que algo debe estar funcionando mal a nivel de xunta, porque nos mapas que fan, cada ano hai máis poboacións afectadas e que é moi alarmante este crecemento. Di que non cre que sexa cuestión de investigación.

Eles apoian a moción pero si é certo que era partidario de ir máis ao fondo do asunto, que o control das pragas ten que ser moi executivo e que non ve que se vaia a solucionar con iso.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Van a apoiar a moción xa que todos os puntos que se tratan estanse a facer dende a Xunta de Galicia e parécelles interesante que se forme a equipos de protección civil de Rianxo e de outros sitios.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Apoian a moción, pero que está de acordo co amosado polo voceiro de Rianxo en Común, que debería ir máis alá de que a cidadanía sexa a que teña que poñer coto a todo isto.

Di que a consellería ten pouca celeridade para rematar ca praga e non se están poñendo todos medios necesarios para acabar con ela.

Dende Rianxo estase intentando poñer todos os medios para que os veciños non estean preocupados e protexidos fronte á praga. Protección Civil acode a todas as chamadas e fan un gran esforzo, pero que hai que poñer máis medios para acabar ca praga.

Vai a haber máis cursos e xa se deron nalgunha parroquia tamén cos apicultores. Tamén se intentou tamén na primavera utilizando diversas trampas para acabar con elas. En colaboración cos membros de protección civil, os cales fan unha labor moi encomiable e que se lles agradece, estiveron nos colexios dando charlas ao alumnado para que fagan as trampas e poñelas por preto das súas casas.

Hai un convenio con protección civil e están dando os cursos por todas as parroquias e intentarán seguir neste camiño.

Esperan que a xunta sega tomando as medidas necesarias para poder acabar ca praga por ser

prexudicial para o noso medio.

O ALCALDE EXPÓN:

Fai constancia da boa labor do equipo de protección civil de Rianxo, xa que están formados pola Academia Galega de Seguridade e temos un convenio coa Xunta polo que nos dou material inicial e pértegas para acudir a quitar os niños, di que está desproporcionado o traballo, xa que a agrupación está formada por voluntarios, e a empresa pública especializada que está contratada para facer esa labor, acode cada vez menos, xa que se ampara na actuación que realiza o servizo de protección civil.

Os concellos están para colaborar pero non para erradicar pragas. É necesario ter máis medios profesionais e a responsabilidade desta praga é competencia da Xunta a súa erradicación.

A actuación de protección civil está sobrepasada, e cando se require a empresa TRAGSA, para a colaboración, da largas e non acode aos sitios.

Débese poñer máis medios profesionais e non descargar todo o traballos nos concellos.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG: PAZO DE MEIRÁS E A FUNDACIÓN FRANCISCO FRANCO

O Alcalde di que hai dúas mocións unha do BNG e outra de Rianxo en Común, que son bastante semellantes no seu contido para a incorporación ao patrimonio público do Pazo de Meirás e das esculturas do Mestre Mateo en poder da familia Franco e a salvagarda da memoria histórica.

A CONCELLEIRA DO BNG ADELINA CES QUINTÁNS DEFENDE A MOCIÓN:

Adelina dí que como son practicamente iguais proponlle aos concelleiros de Rianxo en Común tratalas conxuntamente.

Di que ante a falta de respecto ás vítimas e familias afectadas pola ditadura, pensan que estes bens deberían volver ao pobo galego.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidad con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador,

Estes feitos supoñen a constatación -por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos, Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidad e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1, Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de Rianxo.
2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.
4. Adherirse e apoiar a iniciativa da "Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás", da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a iniciativa Galega pola Memoria.
5. instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEFENDE A MOCIÓN A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Di que a fundación Franco foi a escollida para que levara a cabo a xestión das visitas ao Pazo de Meirás. É unha provocación e unha ofensa e falta de respecto tanto para ás vítimas como para o conxunto de Galicia.

E un feito grave ver como a familia do ditador goza do froito levado a cabo co expolo da ditadura e pos-ditadura. Obrígoose a que abran o Pazo de Meirás que esta declarado de ben de interés cultural. É a familia quen xestiona e queren convertelo nun espazo de exaltación do ditador, ca ofensa que supón para as súas vítimas. Debe acabar o expolo despois de 40 anos e ten que ser ca participación activa e colaboración indispensable das institucións, deputación, concellos, etc. Non ten que ser unha

expropiación, senón que piden algo que xa foi pagado con cartos públicos e roubados á xente, incluso expropiado bens ao pobo.

É unha impunidade total da xunta a non condena desta fundación que enaltece a figura do ditador. Hai que loitar para que o referido Pazo reverta ao pobo e as esculturas do Pórtico da Gloria do Mestre Mateo.

Os grupos do BNG e Rianxo en Común, e se algún outro se quere sumar, piden aprobación aos seguintes acordos das propostas refundidas dos grupos do BNG e de Rianxo en Común :

1. Manifestar publicamente a adhesión do Concello de Rianxo ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto. Así como respaldo, participar e impulsar as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.
2. Instar á Xunta de Galicia, así como ao goberno do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo recollido no apartado 1 e que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás. Ao tempo, instar á Xunta e ao goberno do Estado a que esixan a devolución das dúas estatuas do Pórtico da Gloria.
3. Condenar de xeito solemne toda declaración ou actividade que comporte calquera clase de enaltecemento, industrialización, exculpación ou negación do franquismo e do seu réxime autoritario.
4. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Francisco Franco, e instar á modificación da Lei de fundacións co obxectivo de impedir a legalidade de calquera fundación que faga apoloxía do franquismo.
5. Instar á xunta de Galicia á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promoven.
6. Declarar á Fundación Francisco Franco non grata no Concello de Rianxo.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Di que é unha moción simbólica e que hai unha certa polémica neste últimos tempos. E raro que non xurdira antes. Xa que o pazo foi conseguido por expolo á familia propietaria e os veciños tiveron que aportar cargos obrigatoriamente. Despois de 40 anos a familia non pode seguir como propietaria. Non entende a existencia da fundación a día de hoxe. Entrou na web é unha vergonza. O pobo de Sada foi intelixente cando lle regalou o Pazo, xa que conseguiu que o ditador viñera veranear á zona. Independentemente das ideas políticas a democracia é incompatible ca defensa do fascismo.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Están de acordo ca proposta de que o Pazo de Meirás un ben de patrimonio cultural poda ser disfrutado por todo as persoas.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Queren que o Pazo de Meiras e as escultural sexan do pobo galego. Pero que se cumpran con termo á legalidade. Tamén repudian calquera tema que ver co franquismo.

Abstéñense porque non teñen claro que os acordos que se propoñen estean dentro da legalidade.

O Alcalde di que se vota a liña argumental do BNG e os acordos presentados por Rianxo en Común. Refundindo as dúas mocións incluído o punto 6º de declarar á Fundación Francisco Franco e á familia que impide o paso dos bens á público, non grata no Concello de Rianxo.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta refundida ca emenda do punto 6:

1. Manifestar publicamente a adhesión do Concello de Rianxo ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto. Así como respaldo, participar e impulsar as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.
2. Instar á Xunta de Galicia, así como ao goberno do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo recollido no apartado 1 e que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás. Ao tempo, instar á Xunta e ao goberno do Estado a que esixan a devolución das dúas estatuas do Pórtico da Gloria.
3. Condenar de xeito solemne toda declaración ou actividade que comporte calquera clase de enaltecemento, trivialización, exculpación ou negación do franquismo e do seu réxime autoritario.
4. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Francisco Franco, e instar á modificación da Lei de fundacións co obxectivo de impedir a legalidade de calquera fundación que faga apoloxía do franquismo.
5. Instar á xunta de Galicia á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promoven.
6. Declarar á Fundación Francisco Franco non grata no Concello de Rianxo.

7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN, PARA A INCORPORACIÓN AO PATRIMONIO PÚBLICO DO PAZO DE MEIRAS E DAS ESCULTURAS DO MESTRE MATEO EN PODER DA FAMILIA FRANCO E A SALVAGARDA DA MEMORIA HISTÓRICA

Exposición de motivos

E a nosa responsabilidade como representantes democraticamente electos da cidadanía, instaurar políticas de memoria que combata o relato dunha ditadura que durante 40 anos quixo camuflarse de normalidade. Unha normalidade imposta que chega até os nosos días e que se manifesta con toda a súa crueza no conflito ao redor do Pazo de Meirás

Esta edificación, declarada Ben de Interese Cultural pola Xunta, foi "obsequiada" polas autoridades franquistas a Franco no ano 1938, cando nrn tan sequera a guerra tiña acabado. Para tal fin, constituíuse unha Junta Provincial Pro Pozo del Caudillo comandada polo Gobernador Civil da Coruña, Julio Muñoz Aguilar, e polo banqueiro Pedro Barrié de la Maza, que foron secundados por numerosos alcaldes e autoridades da nacente ditadura. O Pazo foi un "obsequio" que tentou verse de normalidade cando o que realmente tiña detrás era o drama dunha Galiza empobrecida na que decenas de familias foron ameazadas para ser expropiadas e na que moitas persoas foron obrigadas a facer algunha "achega" para pagar o Pazo.

Outro exemplo destes "obsequios" foi o feito polas autoridades franquistas compostelás ao ditador, dúas estatuas que formaban parte da fachada exterior que cubría o Pórtico da Gloria. Trátase de dúas estatuas-columnas de finais do século XII e comezos do XIII saídas do obradoiro do Mestre Mateo, e

que no século XVIII foron trasladadas ao pazo do Conde de Ximonde. Xa durante a dictadura, o foron adquiridas polo Concello de Santiago co fin de decorar o Pazo de Raxoi, antes de servir de agasallo para a familia Franco.

Unha democracia se quer ser de calidade ten que ollar sen temor ao seu pasado e desvestir de "normalidade" o que nunca o foi e que non poder continuar a ser considerado como tal. Nesta situación é na que se encontra o Pazo de Meirás e as estatuas pertencentes ao Pórtico da Gloria que aínda continúan a ser propiedade da familia Franco. No caso do Pazo, a familia ten encomendadas as visitas ao seu interior á Fundación Nacional Francisco Franco, que de acordo cos seus propios estatutos, ten como obxectivo difundir o legado do ditador. Unha entidade que nos seus comunicados se reafirma, sen ningún pudor, no seu compromiso co enalzamento da ditadura franquista, negando a represión exercida contra a cidadanía. Un comportamento que non pode ser admitido nin tolerado nunha democracia de calidade, tanto pola extrema gravidade que supón como ofensa ás vítimas da violencia franquista, como polo feito de situarse fóra do marco de convivencia democrática desexable.

Ademais, existe constancia do incumprimento reiterado do réxime de visitas que obriga a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural, feitos polos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, abriu un expediente á familia do ditador, con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultura, que será como máximo de 6.000€.

Estes feitos son posibles pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergoña que supón que a familia Franca sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela, e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitaria que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Esta situación escandalosa e indignante é posible pola complicidade e permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galicia que consenten, amparan e protexen os feitos anteriormente descritos.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle á corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

7. Manifestar publicamente a adhesión do Concello de Rianxo ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto. Así como respaldo, participar e impulsar as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.
8. Instar á Xunta de Galicia, así como ao goberno do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo recollido no apartado 1 e que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás. Ao tempo, instar á Xunta e ao goberno do Estado a que esixan a devolución das dúas estatuas do Pórtico da Gloria.
9. Condenar de xeito solemne toda declaración ou actividade que comporte calquera clase de enaltecemento, trivialización, exculpación ou negación do franquismo e do seu réxime autoritario.
10. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Francisco Franco, e instar á modificación da Lei de fundacións co obxectivo de impedir a legalidade de calquera fundación que faga apoloxía do franquismo.
11. Instar á xunta de Galicia á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promoven.
12. Declarar á Fundación Francisco Franco non grata no Concello de Rianxo.

Esta moción foi debatida no punto anterior e aprobados os acordos no punto 6º da orde do día, polo que non se debate e o pleno pasa a tratar a seguinte moción .

8. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DE A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN SERVIZO DE XESTIÓN DA ENERXÍA

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN EXPÓN:

Fai un ano o concello asinaba cos alcalde un pacto contra o cambio climático e esta sería unha das medidas a tomar.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Da lectura á moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coñecemento dos usos da enerxía e a súa utilización están detrás do enorme desenvolvemento das sociedades desde a revolución industrial, pero estes mesmos usos están tamén detrás do efecto invernadoiro que é un dos principais problemas e retos do noso tempo, non en vano a comunidade científica toma como liña base de temperatura a manter a da era preindustrial.

O anterior sería motivo suficiente para que nos implicáramos nunha estratexia de aforro enerxético, pero ademais este gasto, fundamentalmente o de enerxía eléctrica, é un dos gastos principais do concello, que polo tanto debe ser obxecto de supervisión e control.

Nunha situación na que se da, por un lado, un incremento constante da demanda; e polo outro, un cambio tecnolóxico acelerado buscando o aforro económico e a diminución de emisións, as administracións públicas non poden permanecer nunha situación na que se fan contratos de subministro, que se manteñen durante moitos anos sen que ninguén os revise de xeito sistemático e faga propostas de modificación para adaptalos as novas situacións.

Sen un traballo sistemático nin un coñecemento técnico digno de tal nome, temos detectado situacións de contratacións de potencia inadecuadas, uso de aparellos moi ineficientes, hábitos de uso inadecuados, etc. Circunstancias facilmente modificables que porén están provocando un gasto económico o concello e un deterioro ambiental.

Entendemos que debería analizarse que tarefas relacionadas cos distintos aspectos do consumo enerxético poderían mellorarse sen que neste momento ninguén as teña asignadas dun xeito explícito. Facendo este traballo, e coa forma de contratación do mesmo que se estime máis conveniente, estaríanse aforrando desde o mesmo momento da súa creación unha cantidade de cartos moi superior ó custo que suporía.

Por todo o anterior propoñémoslle a corporación a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Facer un estudo analizando detalladamente o gasto enerxético que se fai con cargo os orzamentos, e detectar aspectos mellorables sen responsables directos no seu control.
2. Definir as tarefas a realizar por un servizo de xestión da enerxía.
3. Contratar este servizo, sempre que non dispuxésemos dentro da plantilla do concello de persoal cos

coñecementos e as condicións laborais para poder asignarlle estas tarefas.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Fai agora un ano asinouse o pacto dos alcalde contra o cambio climático, pero falta por elaborar un documento de medidas propostas que van levar a cabo nos vindeiros 10 ou 15 anos para loita do cambio. Unha desas medidas ven puidera ser esta traída aquí para o cambio climático e o aforro.

O gasto enerxético do concello e un dos tres gastos máis importantes. Non está suficientemente supervisado e controlado.

O obxectivo é aforrar enerxía aforrando cartos. Esta figura non cabe dúbida que sería moi útil e tamén revisar os contratos que levan máis de 10 anos feitos. Tamén detectando equipamentos que se poidan cambiar e prácticas inadecuadas que se poidan modificar. Co aforro que se lograría levando a cabo esas medidas daría para contratar a revisión destes servizos. Polo que eles propoñen a adopción do seguinte acordo:

1. Facer un estudo analizando detalladamente o gasto enerxético que se fai con cargo os orzamentos, e detectar aspectos mellorables sen responsables directos no seu control.
2. Definir as tarefas a realizar por un servizo de xestión da enerxía.
3. Contratar este servizo, sempre que non dispuxésemos dentro da plantilla do concello de persoal cos coñecementos e as condicións laborais para poder asignarlle estas tarefas.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Parécelles importante controlar e supervisar este servizo para redundar nun menor gasto enerxético e económico para redundar no coidado do medio ambiente, polo que van apoiar a proposta.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Parécelles importante tamén aforrar na enerxía, pero tamén lles preocupa facer este tipo de estudio, xa que non se fala nada dos custes detallados na moción e en que se basea o custe e se xa se consultou este estudio, porque despois chegan facturas e non saben que que se deben, polo que antes de pronunciarse deben facer estas aclaracións.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Do que se trata é precisamente diso, de que haxa un control e as empresas miran e fan eles a súa factura, baseándose nos seus criterios, e as veces cobran de máis. Ven ben a moción, xa que se se está pagando moito de luz no concello e queren saber si están cobrando realmente o que se consume.

O concello xa está nese tema, de feito vaise firmar un convenio ca PAC que a fundación pública da deputación para o fomento do aforro e eficiencia enerxética nas instalacións e servizos municipais, e este convenio prestaría entre outros servizos: prestar asesoramento técnico e para desenvolver para o concello seguimento das instalacións e servizos públicos en todos os aspectos e proxectos promovidos polo concello, informar sobre tarifas, produtos, materiais para reducir emisións sobre consumo enerxía, etc.

Parécelles unha boa idea a sinatura deste convenio, xa que se trata dunha institución pública e non ten suspicacia de que teña intereses noutros sectores e están a espera do informe de intervención para

ver si poden levar a cabo a acollerse a este convenio con esta fundación da axencia de enerxía da Coruña.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Teñen algún dato de que o gasto enerxético do concello é moi relevante. Di que cando se fan contratos inadecuados e despois se procede a solicitar algún cambio de luminaria, xa queda obsoleto. O custo que tería o servizo sería moito menor que o gasto das malas prácticas e cambio de equipamentos.

O ALCALDE INTERVÉN:

A proposta da FAEPAC, que unha fundación pública, supón un custo de 6.000 € anuais. Pasaron por aquí unhas cincuenta empresas ofrecer o control da facturación, por unha porcentaxe dos recibos. Di que nesta fundación estanse sumando moitos concellos da provincia da Coruña. O retorno vai ser importante, xa que o concello vaise acoller á subvención do IGAE para renovación de luminarias, que implica se a conceden substitución de todas luminarias a LED, o que supón un aforro de cartos o referido cambio das 5.000 luminarias do concello, xa que o LED consume menos.

A moción segue tendo sentido, xa que a pesar de cambiar a LED hai que seguir corrixindo o contrato e facer seguimento de factura de posibles datos económicos que non cadren, incluso rebaixando a potencia dalgunha farola. Isto conseguiríase mediante un xestor que fora controlando factura a factura.

Di que nalgún momento xa se solicitou aclaración de facturas á empresa subministradora polo excesivo importe, facendo nalgún caso achegas por erros.

Indica que se necesita axuda, xa que hai que cambiar reactivos e hai cousas que non están ben nos alumeados, pero xa houbo unha auditoría no seu momento por iso se solicitou o cambio de luminarias que reducirán o gasto, a contaminación lumínica e tamén a pegade CO₂, que enganchan co Pacto de Alcaldes, que é unha das medidas que sustenta a redución.

Antes de que acabe este mes tamén se van cambiar as luminarias do polígono cunha subvención pedida á Consellería de Industria, aproximadamente 110 para LED, co que se reducirá xa o consumo.

Están de acordo coa moción, hai moito camiño que andar. Tamén houbera fai anos unha oferta dos alcalde de Arousa Norte para contratar o servizo de forma conxunta. Hai que poñerse ao día para pagar o menos posible e controlar o gasto. Fai falta ese control e os 6.000 € da fundación pública van retornar no aforro.

Apoian a moción.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

9. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DE ACTUACIÓN NO PATIO E EDIFICIO ANEXO Á ESCOLA NO LUGAR DE OUTEIRO

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN EXPÓN:

O grupo xa falou no Pleno de xullo pero consideran oportunos traer esta moción para compartir unha serie de acordos e tomar unha decisión firme sobre a actuación naquel patio e edificio anexo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Da lectura á moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mes de agosto acometeuse na escola de Outeiro unha intervención no patio consistente en cortar practicamente a feito decenas de árbores. Aínda que con posterioridade á intervención o concello a xustificou a súa contundencia aludindo de xeito sucesivo: ó control das acacias, á necesidade de luz da escola, ó perigo de incendio forestal, etc. o certo é que esta intervención se acometeu sen proxecto, e sen consultar á comunidade educativa: pais, profesores/as, mestra titora da escola. Circunstancia esta última agravada porque o director do Colexio Rural Agrupado, o que pertence a escola, é membro do grupo de goberno, e porque esta é a segunda vez en dous anos nos que sucede un feito similar, o anterior fora a petición da desafectación da escola da Vacariza sen coñecemento do claustro.

É certo que o entorno da escola de Outeiro viña sufrindo o desleixo de quen tiña que coidalo, con portas e ventas tapiadas do edificio anexo, árbores adultas a menos de medio metro das edificacións, raíces das árbores que sobresaían do chan co conseguinte perigo, etc. Era polo tanto necesaria unha intervención, pero esta intervención debería terse feito en varias fases para preservar o atractivo que a escola tiña. A diferenza de outras escolas no rural que están rodeadas de cemento, esta estaba rodeada de natureza, o cal permitía unha multitude de actividades como as propostas por movementos vangardistas en educación, nas que agora non é o momento de entrar. Este entorno era tamén un valor reivindicado polo centro nun vídeo elaborado para presentar o C.R.A.

En calquera caso, as árbores tardan moitos anos en medrar e a intervención feita non ten volta atrás. Trátase polo tanto de propoñer unha serie de medidas que contribuirán a paliar. Referímonos a cuestións como que a pesar de que se falou de controlar as acacias, estas están retoñando por todas partes; a que as raíces sobresaíntes de unha árbore poden supoñer un perigo, pero cando a árbore non está son unha trampa; a que a parte posterior da escola está como unha finca forestal desbrozada e non é unha finca forestal que é o patio de unha escola, etc, etc

Ademais do anterior, é o momento de resolver a situación do edificio anexo. Hai exemplo máis claro de desleixo e incapacidade dunha administración que un edificio público con portas e fiestras tapiadas? Preguntouse alguén que efecto educativo pode ter para un neno/a ver este edificio cada día que acode á escola durante varios anos?.

Por todo o anterior propoñémoslle á corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Retirar os tocos das árbores e as raíces sobresaíntes das mesmas en todo o patio da escola.
2. Intervir para evitar que as acacias retomen.
3. Actuar na parte posterior da escola retirando restos do desbroce, tapando furados etc
4. Actuar no edificio anexo dándolle unha nova vida útil acordada coa comunidade educativa, solicitando para isto a súa desafectación se fora preciso.
5. Facer un proxecto acordado coa comunidade educativa para dotar o patio dos elementos vexetais e de xogo que se estime.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

O seu grupo entende e sabe que no grupo de goberno pode haber algunha discrepancia con isto, pero

entenden que no patio da escola de Outeiro facía falta unha intervención dende fai moito tempo. Non se fixeron e agora fíxose unha intervención drástica que cambia completamente o entorno empeorando substancialmente a día de hoxe.

A escola de Outeiro a diferencia doutras escolar do rural rodeadas de cemento, era unha escola rodeada de vexetación que lle permitía unha actividade moi en liña con determinadas correntes pedagóxicas. A intervención foi excesiva e non ten volta atrás. As árbores xa están cortados. A moción vai no sentido de intentar minimizar o impacto provocado alí.

Cortáronse arredor de 60 ou 70 árbores e quedan os tocos alí cas raíces sobresaíntes e deberían sacarse polos menos os que ofrezan perigo. Di que a escusa da actuación foi para controlar as acacias pero que agora están retoñando que son invasoras.

O alcalde intervén dicindo que foi para control das acacias e que se está retomando.

Continúa o voceiro dicindo que se poden arrancar para evitar que retoñen, que hai maquinaria para elo.

Pide se adopten os seguintes acordos:

1. Retirar os tocos das árbores e as raíces sobresaíntes das mesmas en todo o patio da escola.
2. Intervir para evitar que as acacias retomen.
3. Actuar na parte posterior da escola retirando restos do desbroce, tapando furados etc, xa que agora mesmo está como unha finca forestal recen cortada e desbrozada, pero non é unha finca forestal, senón unha escola, polo que ten que ter outro tratamento.
4. Actuar no edificio anexo dándolle unha nova vida útil acordada coa comunidade educativa, solicitando para isto a súa desafectación se fora preciso. O efecto educativo que pode ter sobre un rapaz pode dar para moito, pero que un edificio público estea tapiado de portas e ventás dalgún xeito demostra que a administración pública se rendeu ás circunstancias. Darlle unha nova vida útil.
5. Facer un proxecto acordado coa comunidade educativa para dotar o patio dos elementos vexetais e de xogo que se estime oportuno, coma se debera ter feito para retirar os elementos vexetais. O non consultar á comunidade foi un erro importante.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Están de acordo que se fagan as actuacións necesarias para que a escola de Outeiro volva a ter no seu entorno árbores e natureza ven ordenados co consenso de todos.

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoian a moción

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

A moción alude a que a actuación do concello na escola de Outeiro non foi boa, sen proxecto e sen contar coa comunidade educativa.

Non foi así, e de feito xa se explicou no mes de xullo, tanto o arquitecto encargado e capataz do concello alertaron da urxente necesidade da corta, polo perigo de incendio e derrube e da necesidades da obras. Foi no mes de abril cando se fixeron os proxectos e foi transmitido na propia escola á dirección do CRA e á mestra. Polo tanto déronse os pasos necesarios para a obra que era urxente e

necesaria.

Farán o mesmo para de cara ás vindeiras actuacións de comunicar aos implicados. Sobras as alusións á órganos alleos ao pleno ou a forma das súas funcións.

O importante é que agora se están levando a cabo inversións aprobadas polo pleno, pero non por todos os grupos, para intervención nas escolas unitarias en Rianxo. É una das inversión máis altas dunha administración feitas nun centro público pola súa contía de 500.000 €, para da vida o rural e manter os edificios públicos educativos. É un ambicioso plan que se está desenvolvendo nos centros do CRA de Rianxo. En ningún outro concello hai tantos centros abertos. Algúns van con atraso pero todos están en marcha. Todas obras foron acordadas coa dirección do CRA e cos pais dos alumnos.

O plan está pensado para poñer ao día á educación dos nenos e nenas de Rianxo. As obras comprenden moitas actuacións, pintado, cambio de cubertas, etc.

O grupo xa falou no Pleno de xullo pero consideran oportunos traer esta moción para compartir unha serie de acordos e tomar unha decisión firme sobre a actuación naquel patio e edificio anexo.

Está pagado con fondos do concello e a maioría desta corporación acordou investir nas escolas, por iso non nos sorprende que faga referencia a esta inversión e esquecendo o positivo destes cambios e vaia ao negativo.

En Outeiro xa se remataron as obras, incluído o cambio de tellado, por iso este grupo vai apoiar a moción, se se retracta deses dous puntos que alude ao grupo de goberno e aos membros de órganos que non contan aquí e que se nomean na moción, caso contrario este grupo absteríase.

INTERVÉN O ALCALDE:

Quedou claro a postura do grupo de goberno, o Plan de actuacións de escolas votouse no pleno e poucos concellos fan inversión tan altas nestes aspectos. Estas inversión só se están dando en concellos grandes e a cargo da Xunta de Galicia.

A presenza de piñeiros a menos de 5 m dos colexios, fai que se adopten medidas drásticas para manter as obras en bo estado. Hai precedentes de derrubes das acacias enriba do muro. Tomáronse medidas drásticas para evitar problemas maiores.

Entre as medidas que se van tomar, e solicitadas pola directora, tamén é valar e pechar a parte de atrás.

Pódese facer unha actuación na zona controlada con plantación de especies autóctonas. Tamén se vai remodelar o parque. Ningún concello da comarca está facendo esta inversión nestas actuacións nas escolas unitarias.

Dálle a palabra ao voceiro do grupo municipal de Rianxo en Común para interpelación.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Di que empezou dicindo que era necesaria unha intervención, pero quizá non se pode facer dunha vez unha intervención que se obviou durante 20 anos. É certo que alí había cousas que había que quitar pero non desa maneira.

En canto á argumentación, obviou educadamente algunhas partes do que se dí, e tamén vai obviar o que argumentaba o seu grupo cando non votaron a favor do crédito de 500.000 €. Mantén que a intervención foi excesiva.

Propoñen unha serie de medidas que poden paliar esa intervención e no argumentario non entra en canto ao asunto das alusións. Fai referencia aos comentarios colgados na web no pleno do mes de

xullo da titora da escola e dos pais de alumnos.

O Alcalde di que na moción quedan alusións directas polo seu grupo á dirección do centro e a membros do goberno. O grupo de goberno ten que defender á comunidade educativa, dirección do CRA e o Consello Escolar coñece perfectamente o que se está facendo, tanto neste caso coma da escola de Vacariza, que ao quedar sen nenos ten que pasar ao Concello para manter o edificio, igual que se fixo noutros casos.

En canto ao edificio anexo intentarían darlle o novo uso xa que está desafecto. Tapiouse porque entraba xente a beber, queimar material, etc. e para evitar eses comportamentos de vandalismo tivo que tapiarse.

Procédese á votación, manténdose todos os parágrafos que compoñen a moción.

Despois dun pequeno debate sobre os acordos a votar, polo voceiro de Rianxo en Común, maniféstase que non hai inconveniente en que se retire a parte expositiva da moción e proceder a votar so os 5 puntos de acordo que figuran na moción, retirando a parte expositiva da mesma.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN PARA A CREACIÓN DUNHA MESA CONXUNTA POLO SEGUIMENTO DE MOCIÓNS PRESENTADAS NOS PLENOS POLAS DIFERENTES FORMACIÓNS.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN EXPÓN:

Di que xa quedou pendente no mes de xullo de tratar a moción.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Da lectura á moción:

O Concello ten que levar a cabo unha boa xestión das competencias municipais, xerar confianza e demostrar transparencia no servizo que presta aos seus cidadáns, ademais de tramitar os novos prantexamentos e ideas que xorden dos diferentes grupos políticos e que se aproban no pleno.

Sabido é que o Artgo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, outórgalle a facultade aos distintos grupos políticos de formular ao pleno propostas de resolución para debate e votación, as denominadas mocións.

En función do anterior, e polos motivos que a continuación se recollen, propoñemos, para o seu debate e aprobación por este pleno, a creación dunha mesa de seguimento de mocións.

MOTIVOS:

As mocións teñen unha importancia extraordinaria no xogo democrático dos municipios, e a maioría das propostas buscan ter un impacto directo na cidadanía. Polo tanto, veñen a mellorar ou solucionar problemas reais e concretos do municipio. Quere isto dicir que, aprobar unha moción equivale a adquirir un claro compromiso para executar o acordado, poñendo, por parte daqueles aos que lle corresponda facelo, o maior esmero e dedicación na tramitación administrativa dos acordos aprobados

polo pleno da corporación, e que se executen en concordancia co mandado por este órgano decisorio da municipalidade.

Cando son aprobadas, os acordos son actos cuxo cumprimento debe garantir a Alcaldía, segundo a normativa vixente, que, entre outras cousas, lle atribúe a función de facer cumprir as ordenanzas e regulamentos municipais, ordenar a publicación, e executar e facer cumprir os acordos do concello. Ademais dunha obrigaón legal, o cumprimento dos acordos plenarios é un acto de coherencia política, responsabilidade e respecto cara a cidadanía. Cumprir supón tamén unha oportunidade para a eficacia na xestión pública, rentabilizando o traballo de todos os grupos municipais en beneficio do interese xeral.

Ademais, as mocións son un mecanismo fundamental para facer efectivas as funcións de control, fiscalización e crítica propositiva da oposición, cuxo exercicio garante o debate e a calidade democrática municipal, xerando confianza e demostrando transparencia no servizo que presta aos seus cidadáns e as súas cidadás. Porén, no noso concello non existe un mecanismo mediante o cal, os grupos municipais, podemos recibir información sobre as xestións realizadas polo equipo de goberno, en aras de dar cumprimento aos acordos aprobados.

Moitas mocións presentadas polos grupos municipais parece que caen en saco furado sen que teñamos información algunha sobre os pasos dados para o seu cumprimento ou grao de execución. Este bloqueo no desenvolvemento das propostas presentadas polos grupos municipais do noso concello que vimos sufrindo dende o comezo da lexislatura, vese agravada por unha situación caracterizada pola falta de iniciativa política que unha e outra vez amosa o goberno do Bloque Nacionalista Galego, para mostra, a falta de orzamentos no presente ano. Unha situación na que se convocan moi poucas comisións informativas, e na que os plenos municipais se valeiran de contido, anulando a apertura da que o goberno presume. En función do anteriormente exposto, e para comezar a reverter a actual situación, propóñense os seguintes ACORDOS:

1. Que se cree unha mesa de seguimento de mocións para controlar o seu cumprimento. A mesa deberá definir e aprobar o cronograma de cumprimento de mocións. Estará integrada dentro da xunta de portavoces e formada polos mesmos membros. A periodicidade das reunións será mensual antes dos plenos ordinarios da corporación.
2. O goberno municipal deberá emitir un informe mensual informando sobre o grao de cumprimento de ditos acordos aprobados nos plenos. Estes, especificarán de maneira pormenorizada o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento. O dito informe, presentarse na mesa de seguimento de mocións integrada na xunta de portavoces.
3. Que as mocións aprobadas se inclúan no portal de transparencia para garantir que se cumpren, facendo constar que se aprobara, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.
4. Que o pleno municipal inste ao equipo de goberno a que no mes de novembro remita aos grupos municipais un informe sobre o grao de execución das mocións aprobadas no que vai de lexislatura. O citado informe especificará, de maneira pormenorizada, o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Indica que no seu momento xa foi tratada esta moción, aínda que a diferenza é de si cargaba moito o abrir un expediente administrativo por cada moción.

O argumentario xa foi tratado e pide que se adopten os seguintes acordos:

Que se cree unha mesa de seguimento de mocións para controlar o seu cumprimento. A mesa deberá definir e aprobar o cronograma de cumprimento de mocións. Estará integrada dentro da xunta de portavoces e formada polos mesmos membros. A periodicidade das reunións será mensual antes dos plenos ordinarios da corporación.

O goberno municipal deberá emitir un informe mensual informando sobre o grao de cumprimento de ditos acordos aprobados nos plenos. Estes, especificarán de maneira pormenorizada o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento. O dito informe, presentárase na mesa de seguimento de mocións integrada na xunta de portavoces.

Que as mocións aprobadas se incluían no portal de transparencia para garantir que se cumpren, facendo constar que se aprobara, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.

Que o pleno municipal inste ao equipo de goberno a que no mes de novembro remita aos grupos municipais un informe sobre o grao de execución das mocións aprobadas no que vai de lexislatura. O citado informe especificará, de maneira pormenorizada, o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado, as actuacións emprendidas, e, no seu caso, os motivos para o seu non cumprimento.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Parécelles ben o seguimento pero tamén hai que estudar a carga administrativa que eso conleve

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Están de acordo ca moción, pero a carga administrativa tamén lles parece importante dado o volume de traballo, polo que a súa postura depende do manifestado polo equipo de goberno.

INTERVÉN O ALCALDE:

A carga administrativa é menor ou case nula, xa que falan dun control e presentación política e que os funcionarios so terán que facilitar información cando se solicite, pero o peso do informe é político.

As actuacións das mocións, maiormente corresponde ao equipo de goberno, polo que serán eles os que teñan que asumir ese traballo. Os funcionarios só emitiran informes concretos. Polo que a carga administrativa será a mesma que agora o de remitir a distintos organismos.

Anuncian o voto a favor dos acordos.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas deste Pleno, o alcalde vai dar resposta a unha pregunta formulada con anterioridade polo grupo municipal de Rianxo en Común no mes de xullo polo control de calidade das obras.

O control de calidade é a conta da empresa que realiza a actuación. Así consta nalgúns pregos da Deputación. O concello escolle a empresa que ten que realizar o control de calidade para que sexa externo á propia empresa que realiza a actuación. Faise polo arquitecto do concello cunha empresa allea á actuación.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Rogos

- No tramo de Xogos dos Bolos a Tanxil, rogan que retomen e se faga unha intervención para que non convivan peóns e vehículos. Non esperar a solución do PXOM.
- En relación a rúa Pazo de Rianxo, a voceira do PSOE referiuse a que uns aparcamentos podían dificultar o tránsito naquela zona. A instancia dalgún veciño, solicitan consideren a posibilidade de facer a rúa de sentido único. Sobre todo ao inicio xa que resulta bastante problemático a dobre vía.
- Unha ponlas dun carballo e unhas hedras que están na entrada do parque que se habilita no verán na praia de Tanxil. Hai perigo de caída.
- Na reunión mantida cos empresarios a finais de xuño, fixéronnos chegar unha indicación que a praza de abastos está mal sinalizada así como o parking público, polo que se roga se solucionen estes problemas. Poderíase vincular o parking público e a praza xa que están os dous medios valeiros.
- En canto aos orzamentos, estamos a vivir con él prorrogado, xa que aínda estamos co orzamento do 2016. Rógamos con toda contundencia que esta situación é inadmisíbel. De persistir esta situación cambia a perspectiva nosa, xa que estamos aprobando algunhas mocións se non se poden aplicar. Rogamos nos presenten os orzamentos en tempo conforme marca a Lei.

Preguntas

- O inventario de camiños que se aprobou inicialmente en abril do 2016. ¿a que responde o retraso na aprobación definitiva?. ¿e por culpa allea ou por culpa do concello?.
- ¿Avanzouse algo no inventario de bens? ¿como está o tema?
- O aparcamento do centro de saúde, ¿poderíase considerarse permitir aos traballadores do centro algunha praza que o concello poida ter no parking das vivendas sociais? ¿Tería sentido valorar o uso do disco para desincentivar o posible aparcamento nesa zona por persoas que teñan garaxes?. Xa que hai enfermos que precisan aparcar cerca do centro.
- Situación da beirarrúa dereita da rúa Rosalía de Castro. Estaba permanente ocupada con coches durante as festas. ¿houbo algunha permisividade especial para aparcar alí? Pensamos que había prazas de sobra habilitadas.

- Un vehículo da policía local, permaneceu nun taller 4 anos, sen que se aceptase o presuposto de reparación nin se tomara decisión de desguazalo. ¿Como poido darse esa situación?.
- Facía falta elaborar o documento do pacto dos alcalde, algún concello xa o asinou. ¿en que situación está?. Pensa que se está perdendo o tempo e cartos.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Rogos

- Sobre os espellos nas saídas das pistas. O espello que está cerca do supermercado Dia no Pazo, esta deteriorado e non se ve, co perigo que isto supón para os vehículos que saen da pista á estrada. Rogan que se arranxe.
- Tamén na saída da pista da Capela está mal reorientado, rogando o seu arranxo.
- No Montegrande na entrada da pista que vai cara o campo de fútbol hai un socavón no lado dereito, que se non se esquivia, pódese danar o vehículo, rogando se repare a zona.
- Que se limpen as malezas das propiedades cercanas ás saídas das pistas, xa que impiden a visibilidade para saír á estrada sen perigo. En concreto na saída da pista que vai para a granxa avícola de Montegrande.

Preguntas

- O repetidor de televisión de Taragoña, leva máis de un ano e medio estropeado. Hai usuarios que non poden ver a maioría das canles ¿de quen é competencia o seu arranxo?
- ¿Cando se vai arranxar a entrada que vai a piscina que está moi deteriorada?
- ¿Quen ten que limpar as herbas que hai entre a calzada e a beirarrúa na estrada de Asados? Están moi altas e hai que limpalas.
- Na do supermercado do Dia, cando están aparcados coches na entrada é difícil a saída, xa que dificultan a visibilidade. ¿é posible marcar uns metros de prohibición de aparcamento cerca da saída para facilitar a visibilidade?.
- ¿Cando se van arranxas as lousas, rexillas, adoquíns etc, sobresaíntes que hai polas rúas de Rianxo? Xa foi pedido noutros plenos, para evitar caídas dos viandantes.
- No listado de facturas, chama a atención que se paga por liñas de ADSL, 129,94 e, 131,45 € ¿a que obedecen esas cantidades? ¿Son liñas especiais?
- A factura por importe de 272,98 € de comedeiros e bebedeiros para gatos ¿para que son?.
- ¿Estanse tomando medidas para que non volvan a sancionarnos polos vertidos dos pozos de bombeos, coma o caso das Miráns, que nos impuxo Augas de Galicia unha sanción de 500 €.?.
- Nas facturas chama a atención que o decreto 644 está en castelán. ¿hai algún motivo?
- ¿Porqué se están facendo transferencia de crédito a pesar de que Intervención informa desfavorablemente, e advirten que poden crear algunha perturbación dos servizos que tiñan que ter consignación e ao reducir o crédito non se poderán abonar as facturas correspondentes?

- Moitos dos lavadoiros que hai nos concellos están cheos de maleza e inutilizables. ¿vaise facer algo para poñelos operativos?
- As fontes que hai nos lugares do Concello deben estar ben coidadas. ¿vaise facer algunha revisión das que están en peor estado?
- A fonte do Pazo leva moito tempo sen votar auga ¿a que obedece, hai algunha avería?
- ¿Ten pensado facer algún bacheado nas pistas que o requiran para que non vaian a peor? Hai pistas que necesitan unha reparación, xa que de non facelo serán intransitables, coma a de pista da escola de Quintáns, pista da igrexa de Isorna, pista de lñobre pola escola de Cruceiro, o interior de Campelo, en Cerqueiras tamén está mal, aínda que vai haber obras para poñer o saneamento, en Corques a que sae cara o agro marxando, en Leiro a pista de pieles e o interior de Meiquiz, onde esta feito o saneamento, a pista de Hermida a Foxacos, en Asados a pista que vai de Somoza de abaixo ata o Cotón, na Devesa. Supoñemos que aínda quedarán máis, pero isto é un exemplo para que adopten medidas de bacheado das pistas, xa que estamos pagando o imposto de rodaxe dos vehículos e temos dereito a pasar por elas, sen que teñan fochangas.

Sendo ás 9:55 horas, auséntase da sesión a concelleira Adelina Ces Quintáns.

- Onda a marquesiña da pista de A Capela, hai unha farola que ten a porta onde garda o cableado aberta, supoñendo un perigo. ¿Vaise arranxar?
- ¿Que medidas se van a adoptar para que dende a intervención non se teña que facer sempre o reparo suspensivo a determinadas facturas?. Parécenos que isto non se fai a propósito por suposto, pero hai que solucionado, xa que non se pode estar concorrendo nunha causa de pleno dereito do gasto. Non é culpa de ninguén, pero é culpa de todos, xa que as pezas que hai nese departamento son escasas. Hai que arranxalo.
- Reiterar o suxerido no Pleno de febreiro, en relación ca reunión co Xerente do Consorcio no tema dos centros de día, cando nos dixo que iban facer unha residencia por provincia, parécenos que deberíamos facer unha fronte común para pedir que se constrúa unha residencia nesta provincia, Rianxo sexa un firme candidato para este equipamento, xa que dende fai anos púxose a disposición unha parcela para iso e segue estando dispoñible.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP:

Rogos

- En Campo de Pazos-Taragoña faltan unhas árbores e plantas dos maceteiros, no seu lugar apareceron, wc, lavabos de baño, periódicos, etc., desaparecían e voltaban a aparecer outros diferentes. Rogan se adecente a zona como estaba antes, cas plantas, árbores e ben coidada.
- Que limpen os parques infantís. O de Taragoña está cheo de residuos constantemente.
- No centro de saúde de Taragoña hai unhas perdas de auga de cisterna averiada, tendo un consumo de auga elevado. Tamén teñen floxedade as pechaduras das portas, que se abren constantemente, pensamos que por estar vellas e averiadas. Rogamos a súa reparación. Os de Viaqua foron arranxar a cisterna e dixeron que non tiña moito apaño.

Preguntas

- ¿Podía aclararnos o problema dos contedores de detrás da igrexa de Rianxo? Temos a versión dalgúns veciños e o concello son sae ben parado. Din que o concello quere desentender do problema e das manchas que hai debaixo dos aceites. Xa se comentou nun pleno fai tempo e quedou de arranxar a situación, pero segue igual.
- ¿En que situación se atopa o proceso de listaxe de contratación que se comezou en xaneiro deste ano?

O ALCALDE, TOMA A PALABRA

Comenta que pasa a contestar algunhas outras deixaas para o pleno seguinte:

- A contratación da listaxe de auxiliar administrativo está pendente da proba de galego e xa quedaría listo para que no momento de que haxa dispoñibilidade para contratación de persoal poder realizar a contratación, entre outras cousas para potenciar algún dos servizos.
- Non é verdade de que dos contedores de detrás da igrexa se desentenda do problema o concello, foron limpar nas festas de Guadalupe e dos restos de graxa que quedaron alí. Tamén comentou algunha veciño que é porque algún veciño tira directamente o caldeiro ao contedor os restos da comida, sen meter na bolsa do lixo. Xa se repararon máis dunha e vez e estase estudando a posibilidade de reubicalos, co que tamén os veciños terán que desprazarse un pouco máis. Non podemos aceptar de que o concello pasou do problema, xa que se actuou.
- En canto ao centro de saúde de Taragoña, si se amaño e pasou un obreiro do concello para reparar as cisternas. Mirarase o das pechaduras. Fíxose unha obra importante na cuberta do centro, andan adocidos para que se cumpra o convenio do 2008, para que pase a ser xestionado polo Sergas.
- Toma nota dos parques infantís, o de Taragoña están en obras facendo unha rampla que favorece o acceso dende a escola unitaria sen saír á estrada.
- Do de Campo de Pazos-Taragoña de adecentar a zona. Agardábase facer no mes de agosto, pero o replantado e cambiado de árbores non tiña sentido. Intentarase facer unha modificación. Gustaríalle que xente fora máis franca no que quere, xa que seguir poñendo alí os wc é un mal hábito, xa que o único que pasou foi un atraso na obra. Intentarase facer un cambio na colocación das árbores para que non estorben, xa que algún esta danado polo impacto dos vehículos.
- En canto ao Xerente do Consorcio para a residencia, ese prantexamento xa se trasladou ao propio conselleiro de que tiñan unha parcela de 8.000 m. para facer o que quixeran, ou ben centro de día, residencia, ou ambos. No mes de febreiro nunha entrevista xa se lle trasladou o da parcela. Tamén se pode buscar unha alternativa propia e implicar á consellería. A parcela é moi grande e incluso se pode adicar a pisos de protección oficial. Hai que estudar todas as alternativas.
- En relación aos Orzamento, indica que se veñen arrastrando uns orzamentos moi limitados con regra de gasto que impide as veces. Hai moito máis gasto en cultura, pistas, alumeados, etc, e os orzamentos non nos seguen. O bocexo dos orzamentos que se mandou, é simplemente de tipo administrativo, non os que vai presentar o concello. Ese é so é un esquema para remitir ao Ministerio de Facenda, non é o Orzamento esencial que coñeceran en tempo e forma.
- Toma nota do exposto pola voceira do PSOE en relación ás pistas, etc., que moitas delas

vanse levar a cabo nos Plan de Obras e que se estudará.

- Estiveron mirando a Fonte do Pazo, a arqueta e canalización están dentro dunha finca privada e xa está avisada Viaqua para que mire o atasco, xa que se descoñece a situación da arqueta.
- Toma nota do lavadoiro, algún xa se fixo no Laxido, en Xens e outra próxima en Ourille. Tameñ se debería recuperar o espírito de axuda por parte dos veciños. Xa que algúns lavadoiros que se limparon nunca foron usados. Antes eran os veciños os encargados de limpar os lavadoiros.
- Toma nota da marquesiña.
- Os comedeiros para gatos son dispensadores. Foi porque había demanda de veciños de erradicar colonia de gatos dalgún lugar e con ese obxectivo fíxose. Na fonte do Cabo da Vila, Carretera de Tanxil, Rianxiño, incluso para evitar problemas de salubridade. É proxecto que ten continuidade tamén por parte do veterinario e os veciños están implicados no referente á comida.
- Mirarase o das liñas ADSL.
- Con respecto ao decreto en castelán, non sabe a que obedece. Igual se debe a que algún dos proxectos e de temas europeos e van directamente ao Ministerio.
- Toma nota do problema do Centro de Saúde.
- En relación aos aparcadoiros, mirarase de facer unha zona azul. As zonas coma a Martela, ou Pazo de Rianxiño, facer que a xente que ten praza de garaxe que a use. Son os propios veciños do Pazo de Rianxo, os que piden que tomen medidas. Unha solución, é pintar zona amarela nas partes estreitas e multar ou outra solución cambiar as direccións de circulación e facer unha única dirección o que permitirá pasar e aparcar de forma axeitada.
- O repetidor de Taragoña foi amañado, pero houbo unha problemática máis complicada. Unha vez arranxado remitiuse un informe á xunta da problemática. Chegou un informe da Xunta que sinala unha problemática de difícil solución. Se se arranxa o repetir de Taragoña, confúndese a sinal ca das xentes das outras aldeas que ten a sinal polo repetidor da Curota ou doutro lado, xa que hai determinadas canles que forman confusión. Co cal, se se arranxa para que podan ver os de Taragoña, xentes doutras parroquias queden sen ver os canles pola interferencia que xorde. Remitiuse o informe da Xunta aos instaladores para encontrar unha solución solución. O ideal era que se recibira a sinal. É un tema complicado. O ideal era que non houbera os repetidores locais, senón que a sinal fora a través das redes da Xunta, RETEGAL, da Curota, Domaio ou Catoira as que deran cobertura. O facelo con repetidores locais prodúcese interferencia nas distintas parroquias.
- Toma nota das limpezas. As herbas da beirarrúa de Asados a Rianxo é responsabilidade da Deputación. Este ano fíxoas pero xa volve a estar mal. A responsable do mantemento dos viais son as administracións competentes. O concello a veces tamén colabora limpando.
- Toma nota tamén dos espellos.
- Pacto de alcaldes. Recibe moitos correos doutros concellos de medidas que se están adoptando, pero moitas son de autocomplación. Moitos deses encontros, falan de si mesmos, pero nos debemos ir a algo máis con ese traballo que se faga.
- Mirarán o da prazas das vivendas sociais. Algunha xa se pasou aos funcionarios do xulgado de paz.

- En relación ao Centro de Saúde, estase intentando chegar a un acordo con algunha parcela.
- Inventario de Camiños, aínda estaban dando volta cas alegacións que chegaron fora do prazo establecido, sobre todo de Comunidades de Montes. Antes de final de ano esperan ter para aprobación definitiva o referido documento do inventario.
- O inventario de bens, esta unha empresa da Deputación. Seguen pedindo información. Estanse formalizando escrituras ante o Catastro. A principios do ano que ven, espérase aprobar inicialmente o de bens.
- No tema dos empresarios, hai pedida unha sinalización nova para o mercado e a do parking. Incluso para anunciar que é parking de balde.
- No Xogos dos Bolos e Tanxil, ou hai un acordo ca familia propietaria de Baltar lado esquerdo e unha familia con problemas entre eles, non encontra un intelocutor para falar da expropiación, que sería o medio para poder facer beirarrúas. Fíxose algunha xestión pero o acordo é difícil. Vaise mirar, e se é necesario iríase a expropiación. Esixiuse en base á lei que derrame as polas do carballo e tamén conforme á Lei non ten que talar. No Plan Xeral, está coma zona verde a finca de Baltar. Un dos valores da finca é a vexetación. Hai carballos moi vellos na finca, pero debe tela limpa e evitar caía sobre as beirarrúas.

As preguntas pendentes de contestar, quedan para o próximo pleno.

O ALCALDE CEDE A PALABRA Ó PÚBLICO SE TEN ALGUNHA PREGUNTA O ROGO

Levan 80 días pechados aquí. Van facer unha charla no Centro de Araño para chamar á xente se apunte no Centro de Día nos servizos sociais, xa que o concello fixo os folletos. Intentar impulsar ese labor dando charlas nos centro socioculturais. Están abertos a todas as participación.

As persoas con problemas de mobilidade non poden participar xa que a parte de atrás do concello non está aberta. Solicitan posibilidade de manter aberta a porta.

Teñen comentarios de que as persoas que asisten ao centro de día de Dodro veñen moi mareadas, son depositadas nun modo nada profesional por parte da xente do autobús polo que solicitan a intervención da alcaldía para solucionar o tema

O VÍDEO GRAVADO NA SESIÓN ESTÁ, ASEMADE, DISPOÑIBLE PUBLICAMENTE NA SEGUINTE URL:

<https://youtu.be/j9wW4VHi6Hk>

Ás 22:20 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez